

¡MENOS MAL QUE NOS QUEDA PORTUGAL!
IMAXINARIO COLECTIVO, DEMOCRACIA E ENTORNO CULTURAL
DESDE O TERRITORIO DA EDUCACIÓN (1970-1990)

Antón Costa Rico

Universidade de Santiago de Compostela

TEMPOS DE TRANSICIÓN E DEMOCRACIA

►► ¡Menos mal que nos queda Portugal! foi unha acertada frase dunha cantiga en galego, de fins dos pasados anos oitenta, e que todos lle debemos a un heterodoxo grupo de rock galego, chamado *Siniestro Total*, querendo mostrar que alén de outras cousas inqueridas e infelices existentes á nosa beira, aquí pertiño os galegos, en particular, tiñamos unha auténtica pérola, un Portugal que estivera dormido, case secularmente –pensabamos- e que torrencialmente tiña aparecido agora ante os nosos ollos. E iso tiñámolo. Menos mal.

En efecto, antes do 25 de Abril de 1974 Portugal era só un anaco de xeografía feito de xentes traballadoras, de lisboetas finos, de emigrantes, de mariñeiros, de longa costa e con algúns arrecendos a África e a café. E pouco máis para todos aqueles galegos non fronteirizos, en canto que para estes as referencias eran máis próximas e estaban mesmo ás veces mesturadas familiarmente, ou nos ritmos musicais entre a música minhota e a galega. Mesmo para os galegos e singularmente falo polos da miña xeración, os que andabamos arredor dos vinte anos e buscabamos desde o comenzo dos anos setenta un non sei que de libertade e de novos horizontes, Portugal non significaba gran cousa. Hai que pensar que de aquelas nos medios de comunicación ordinarios, xornais provinciais, canles públicos de TV e o NO-DO non se falaba de Portugal, anque si se facía de outros países europeos. Nos nosos libros escolares dos anos sesenta Portugal era pouco máis que unha xeografía humanizada e un país “irman”, do que só se falaba algunhas poucas veces, como se o irmán vivira lonxe e se soubera pouco del... a pesares de que os reximes políticos, o franquismo e o caetanismo, tiñan tantas semellanzas e similares opositores políticos. Pero cada quen na súa casa, cumprindo ao pe da letra o “Pacto Ibérico” asinado en 1939 e actualizado en 1970, que proclamaba a non inxerencia nos asuntos internos entre cada un dos dous países.

De pais a fillos a imaxe que dos portugueses se transmitía era, en efecto, a dun pobo traballador, con xentes humildes que emigraban a Europa para fuxir do malestar e os mozos de ter que ir ás guerras de África. A comezos dos setenta informábase de aqueles que comerciaban con humanos do Alentejo, de Tras-os-Montes (que para nós sempre quere dicir máis monte aínda e máis rusticidade),

da Extremadura portuguesa. E a memoria alcánzame aos tréns que viñan de Porto e pasaban por Salamanca (1971-1973) á noite, ategados de emigrantes cara a Francia, con aquel tufo de inverno, con caixas, envoltorios, garrafóns con viño... e un sentimento de pena.

E nestas estabamos, cando no inicio do mes de marzo de 1974 foi executado polo poder franquista Puig Antich, soerguendo unha rabia fonda, como a que expresaban naqueles intres as revoltas universitarias tamén en Santiago, e cando empezamos a escoitar que un xeneral portugués, Spínola, decía (era xusto o 14 de marzo cando o díxo a prensa) que non había solución militar en África, e por iso tanto el como o xeneral Costa Gómes, xefes do Estado Maior eran destituídos dos seus cargos, en coincidencia co conato de rebelión militar no cuartel de Caldas de Rainha que fora de inmediato reprimido. De tal modo, o xornal podía titular: “Absoluta normalidad en Portugal”; xa se vería pouco despois que non era así. Trinta e tres oficiais foran detidos en Lisboa no día 19. Estabamos ao tanto. Eran as crónicas de EFE, ocupando á primeira plana nos xornais españois. Mentres entre nós seguía o “espírito político do 12 de Febreiro” do Presidente do Goberno Arias Navarro, un durísimo represor de outrora, que agora falaba de aperturismo e non o criamos, claro. Os estudantes, a vangarda decíamos, saíamos a rúa. E de Portugal non esperabamos nada. Case nada sabíamos das súas “interioridades” políticas. De modo que a sorpresa foi maiúscula. Un cambio para a democracia case sen mortos, case sen tiros, con abundancia de cravos vermellos nos fusís dos militares ao son de José Afonso, “Grandola vila morena, terra da fraternidade, o povo é quen mais ordena dentro de ti ouh! Cidade”. Aquelo, entre moitos de nós, ergueu moitas emocións, inmenso: MFA, promesa de eleccións xerais e de devolución da liberdade ao povo, as portas abertas en Caxias, Cunhal... O 27 de abril xa estaba decretada “a liberdade sindical, de expresión, de reunión e de asociación” segundo nos informaba o xornal. Victor Freixanes en crónica desde Madrid para a páxina 3 de *Faro de Vigo* dicía: “Se agotaron los diarios y hubo ediciones especiales”, e *Informaciones* e *Pueblo* publicaban senllos editoriais. ¡Que desexo de liberdade política había en España!. O día 28 Mario Soares era aclamado en Lisboa, como informaba *Hoja de Lunes de Vigo*, mentres os represores e xentes de orde fuxían con mans cheas de diñeiro. Unha festa, Portugal. Cadraba moi ben o que alí pasaba coa nosa forma de sentir. Franco tiña os días contados. Viamos que os sucesos políticos camiñaban de présa en Portugal. No mes de xuño xa se estaban dando pasos importantes cara a descolonización en África. E con todo iso, sen embargo, aínda se escribía no *Faro de Vigo* do día 9:

En definitiva, Portugal, ameno y tranquilo, es un reclamo turístico permanente para quienes quieran vivir los encantos de un país cordial, tranquilo y ameno, donde cualquiera visitante es bien recibido, pero muy especialmente el español.

Tampouco todo era tan feliz para a nosa ingrata sorpresa. Informábanos a prensa a inicios de xullo que “Portugal atravesia la primera crisis política” en medio dun clima de división. Franco comezaba a padecer flebite. Radio París informaba puntualmente as 11 da noite. E soñabamos: a nós ocurriranos como en Portugal. Desde Salamanca tamén oíamos Radio Renascença con aquela sintonía baril e linda da Brigada Victor Jara: “O pobo unido...”. Juan Carlos, o Príncipe asumía a Xefatura do Estado. Nacía a Xunta Democrática de España. E sabíamos que xente da nosa xeración que fuxira de Galiza por temor á represión encontraran acollida en Portugal. ¡Menos mal que nos queda Portugal!, e desde aquí emitían en galego para Galiza.

Ven despois un periodo aciago. Todos eran problemas en Portugal, crises, penuria, a OTAN a punto de tomar posicións, as tanquetas na rua, o Partido Comunista de Cunhal, Vasco Gonçalves, a viaxe de Otelo a Cuba, assembleas a esgalla..., e tamén un MFA lanzando campañas de educación popular, soldados facendo traballos de interese público, na vez de botar os días a facer “a instrucción”, a xente a ler máis xornais que nunca, un sentimento profundo de colectividade... un país políticamente á esquerda, que se mantiña a pesar de todo economicamente á dereita. ¡Canto falabamos de Portugal e de cómo a conquista da democracia tería que ser feita cabo de nós!. Falabamos todos, os estudantes contestatarios, e os que procuraban cambiar algunha cousa para que nada mudase. O *Faro de Vigo* do 1 de Agosto de 1975 mandábanos un Editorial en primeira páxina, algo ben raro: “Portugal en la encrucijada invita a la reflexión”. Posiblemente non lle faltase razón. E aquí en todo fomos moito máis amodo, pero tamén así o 23 de febreiro de 1981 a pouco máis non levamos mais que un susto, polo menos algúns.

Foi no marco da conquista da democracia e porque Portugal apostou forte constitucionalmente e no terreo cultural polo que a moitos nos chamou a atención e sentimos a necesidade de coñecer ao noso irmán, de saber como vivía, que horizontes buscaba, que soños alimentaba.

A finais dos setenta eu examinaba xa os andeis de Pedagogía das librerías de Viana e de Braga e atopaba pequenas xoias editoriais: unha produción editorial pedagóxica pequena, pero informada; modesta pero escollida. E a sorpresa para mín ao ver xentes formadas nas CC. da Educación en Inglaterra, en Suiza, en Francia, ou nos Estados Unidos, algo que non teño atopado en Galicia. Decididamente, os españois miraran aos portugueses por riba do ombreiro e desconsideraran o seu capital humano, tamén no campo das ciencias da educación. Había que cambiar este pensamento. Había que poñer o reloxo en hora. Foron vindo así diversos contactos humanos e académicos. Sobre todo ao longo dos anos 90, e así ten ocorrido tamén para outros tantos colegas.

O imaxinario mudou, ao tempo que mudaban condicións estruturais de diversa orde, e o encontro cultural que aínda non é grande segue de todos modos a crecer con continuidade. Desde Galicia, cando hai cousas que non nos gustan, que nos vencen e nos irritan no día a día, a miúdo ensoñamos un pouco, e dicimos ¡Menos mal que nos queda Portugal!. «





Picasso
21.4.58.